

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 7-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 30/05/2013-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP) vaise ás 20:46

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

Concelleiros ausentes:--

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:----

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3.- DACION DE CONTA DE INFORMES DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA DE CONFORMIDADE COA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE
- 4.- REGULACIÓN NUMÉRICA DAS LICENZAS DE AUTOTURISMO.-
- 5.-. SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES: PRORROGA CONCESIÓN ACTUAL E INCOACIÓN DE LICITACIÓN
- 6.- REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS
- 7.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 5 Sesión ordinaria do día 25/04/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A Secretaria fai constar que na marxe da primeira folla onde se indican os asistentes omítiuse a María Vanesa Martínez Duran, cando sen embargo estivo no pleno (o cal resulta das súas intervencións claramente)

Non habendo mais observacións ao respecto, por unanimidade dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada coa emenda sinalada.

2- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2013 ata o 30/04/2013, que comprenden os números 147/2013 ao 198/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 7 da Sesión extraordinaria do día 09/04/2013
- Acta Nº 8 da Sesión ordinaria do día 23/04/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DE INFORMES DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA DE CONFORMIDADE COA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE

O alcalde da conta do informe mencionado redactado pola interventora municipal, Agueda Bello Valdés, e a Tesoureira municipal, Paula Ares Otero, cuxo teor literal é o que se recolle deseguido:

INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.
- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 6 de xullo de 2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que *“esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade a súa entrada en vigor”*, entenderíase que, as facturas rexistradas con anterioridade ó 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes (o computo dos prazos será en días naturais, sendo nulos os pactos en contrato) a data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os intereses de demora así como a indemnización polo custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Sen embargo, débese estar ao disposto na Disposición Transitoria Sexta del Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que establece unha aplicación progresiva deste prazos para o pago previstos no artigo 216.4 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

TERCEIRO.- Por outra banda, a periodicidade coa que se debe dar a información é trimestral, en principio o trimestre cumprese respecto ao último informe o 31 de marzo.

Cuarto.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de cincuenta días dende o 1 de xaneiro de 2011. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómasse coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 31/03/2013 (incluíndose o día de remate do trimestre), incumpríuse o prazo para o pago efectivo establecido no artigo 200.4 e Disposición Transitoria oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e contía global de obrigas:

- 1) Obrigas pendentes de pago ao final do primeiro trimestre 2.013 e que xa se atopan fora de prazo de pago: 869.098,65 € (cun total de 1.569 facturas).
- 2) Obrigas pagadas ao final do primeiro trimestre de 2.013 e que xa estaban fora de prazo no momento do pago: 224.219,41 € (cun total de 554 facturas).

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local.

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorporase ao presente pola intervención as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no

citado rexistro sen que se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. A relación que se xunta ascende ao importe de 169.592,76 € e consta de 598 facturas

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- REGULACIÓN NUMÉRICA DAS LICENZAS DE AUTOTURISMO.-

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<< Este concello dispoñía de 29 licenzas de autoturismo que foron obxecto de redución polo procedemento legal a 11 en atención ás necesidades deste concello. Así quedaron as licenzas cos números: 1,2,3,6,7,8,9,10,11,19 e 20.

A situación a día de hoxe é segundo o certificado expedido pola Secretaria que se xunta:

- Adxudicadas e vixentes (total 4) : 1,2,3,e 20.
- Vacantes (7) : 6,7,8,9,10,11 e 19.

Asemade resulta que figuraban no libro como de baixa definitiva as números 4,5,e 15. Unha vez verificado que están vacantes o lóxico sería cara a existir un orden numérico nas licenzas de autoturismo e regularización final destas nun novo libro:

- rehabilitar as números 4 e 5.
- Suprimir definitivamente a nº 15 e nº 19 que estan vacantes.
- Renumerar a 20 pasando a ser unha das vixentes non adxudicadas.

Así as cousas quedarían vixentes os números correlativos do 1 ao 11.

Emitido informe de secretaria sobre o procedemento a seguir e demais aspectos do 22/04/2013.

Outorgouse audiencia previa por 15 días á Dirección Xeral de Movilidade da Xunta de Galicia e á Federación Galega do Taxi (RXE Nº 1718 e 1719) ao abeiro do artigo 11 do Rd. 729/1979, que o recibiron o 02/05/2013 segundo consta no recibo de notificación.

Rematado o prazo de audiencia informouse polo Rexistro e certificouse pola Secretaria a non presentación de alegacións por ditas entidades entre o 03/05/2013 e o 20/05/2013.

Ao tratarse dun aspecto relativo á prestación do servizo, intrinsecamente relacionado con como se estableceu, e sendo o establecemento dun servizo unha competencia plenaria (art. 22 e 86.2 LBRL) que en caso de estar municipalizado en réxime de monopolio sería por maioría absoluta (art.47 LBRL) cómpre sometelo a dito órgano e acadar dita maioría legal.

Esta Alcaldía, ao abeiro do estipulado na normativa sinalada, e co fin de regularizar e garantir a prestación deste servizo publico dentro das esixencias legais propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Habilitar as licenzas números 4 e 5.

Segundo: Reenumerar a licenza nº 20 polo número 4.

Terceiro: Suprimir as licenzas número 15, 19 e 20. Debido a que non existen titulares destas licenzas non ten lugar indemnización ningunha.

Cuarto: Facer constar este acordo no libro rexistro deste servizo de xeito que consten vixentes as números 1 ao 11.

Quinto: Comunicar este acordo á Federación Galega do Taxi e á Dirección Xeral de Movilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 27/05/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que están a favor da proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, respalda a proposta que permite reorganizar a numeración que se correspondía cun tempo en que se precisaban de moitas mais licenzas e agora o normal e reducila numeración ás existentes.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos 16 membros presentes (os 6 DO BNG, 5 do PSdeG-PSOE e 6 dos membros do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.-. SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES: PRORROGA CONCESIÓN ACTUAL E INCOACIÓN DE LICITACIÓN

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<<O día 26/04/2013 a Alcaldía ditou Resolución nº 192/2013 cara a garantir a continuidade na prestación do servizo municipal de autobuses ante a inmediatez da data de finalización da prórroga anteriormente concertada co concesionario que o viña prestando en tanto non se licita e adxudica novamente o servizo.

O texto literal da Resolución sinalada é o seguinte:

<<Con data 30/01/1989 formalizouse entre o Concello de Rianxo e Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L. o contrato administrativo do concesión do servizo municipal de autobuses urbanos ata o 08/04/2005 acordado polo pleno en sesión do 03/06/1987.

No relativo ás datas de vixencia a extensión do contrato obsérvase da documentación que consta no expediente:

- Bases do servizo (das que se deu conta á Comisión de Goberno): na terceira dise *“8 anos a partires da data de subscrición do contrato de concesión administrativa, con posibilidade da súa prórroga”*
- Pregos de explotación: non din nada ao respecto agás que o comezo da prestación será de 30 días dende a sinatura do contrato.
- Contrato: na cláusula 1^a do sobre o prazo de explotación se di “ oito anos a partir da data deste contrato”, e na cláusula 2^a sobre o prazo de inicio do servizo di: “ empezará a funcionar unha vez que o concesionario obteña todos os permisos que sexan necesarios para ilo e dentro do prazo de 30 días dende a sinatura deste contrato de concesión adminsitrativa”.

Asemade constitúen antecedentes os seguintes:

- Acordo plenario do 24/04/1989 para a concreción do inicio do servizo entre o 27 ao 29/04/1989 a decisión do concesionario.
- Prórroga por 8 anos acordada en sesión plenaria do 03/06/1997 ata o 08/04/2005, previo informe da intervención municipal.
- Prórroga por 8 anos acordada en sesión plenaria do 28/04/2005 ata o 28/04/2013, previo informe de secretaria e intervención municipais.

O día 26/04/2013 (RXE nº 3143) preséntase manifestación por Jose M.Gey Figueira en representación de Herdeiros de Francisco Gey Gonzalez, S.L. da vontade de prorrogar por un tempo non superior a 6 meses.

Do mesmo día 26/04/2013 é a providencia da Alcaldía na que á vista do escrito da concesionaria maniféstase a súa conformidade á prórroga e a necesidade de incoar un novo proceso de licitación. A alcaldía xustifica a prórroga na necesidade da continuidade da prestación do servizo en pro da veciñanza. De feito na providencia incluso se xustifica a

urxencia en canto á proximidade da data e por interese público polo prexuízo que ocasionaría aos usuarios a non prestación do servizo ata unha nova licitación e adjudicación. Todo ilo sen prexuízo do seu sometemento posterior ao pleno se procedera, tal e como se indica nela. A alcaldía cinguese ao prazo de 6 meses por ser así o máximo expresado pola concesionaria en atención ao tempo que resta para a súa finalización (3 días) e a imposibilidade de licitación en tan breve período de tempo.

Emitido o informe de secretaría e intervención do 26/04/2013 sobre a "Prórroga do contrato de concesión do servizo municipal de autobuses" que no aspecto relativo ao tempo de prórroga sinalan a diverxencia existente entre o contrato e as bases e pregos que rexen a licitación indicando textualmente: <<En atención ao tempo de prórroga advírtese que no contrato se especifica un prazo para ás prórrogas ("iguais períodos": 8 anos) mentres que da documentación que se conta – con todas as precaucións debidas ao seu carácter non fidedigno- e especialmente da base terceira, non resulta mais que a duración do contrato inicial, isto é 8 anos sen definir o prazo das prórrogas.

Pois ben, para solventar esta diverxencia débese ter en conta que o artigo 34 do RCE de 1975 di: "...as declaracións contidas nestes pregos non poderán ser modificadas polos correspondentes contratos, agás o que se dispón na Lei de contratos do Estado e o seu Regulamento xeral."

A normativa contractual ditada ata a data ven a dispoñer que **os contratos axustaranse ao contido dos pregos que rexeron esa licitación e dos que as cláusulas consideranse parte integrante dos respectivos contratos.** Dedúcese, polo tanto, que o contrato non pode modificar as condicións que rexeron a licitación, que son os termos que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares, xa que por mor deles prodúcese a correspondente concorrencia e conseguinte interese nel ou non, dos licitadores, e dan lugar a unha ou outra oferta. En consecuencia, débese estar á prevalencia dos PCAP e bases polos motivos expostos, o que supón que **non cabe limitación do prazo das prórrogas a posteriori** vía acta de formalización do contrato agás o límite lóxico de non superar o prazo inicial, co cal **neste contrato non habería prazo mínimo das prórrogas.**

.../...

A posibilidade de prórroga sería viable sempre que a totalidade do contrato e prórroga non exceda do prazo máximo legal que determina a normativa de contratación.

Por ilo, a prórroga formulada ata o 28/10/2013 (6 meses) sería viable e entraría dentro dos parámetros de legalidade do contrato asinado e de conformidade coa normativa aplicable.

Sen embargo, estas funcionarias amosan as súas dúbidas no tocante ao **prazo da prórroga polo que estiman que debe ser obxecto de interpretación polo órgano contratante**, isto é, o pleno que debe decidir entre si necesariamente será de 8 anos ou pode ser inferior ao prazo do contrato inicial. O feito de que haxa mutuo acordo non pode variar os termos do licitado e adjudicado.>>

Asemade, tras estudar este e outros aspectos en relación coa prórroga do contrato de concesión do servizo municipal de autobuses, a Secretaría e Intervención municipal no informe referido efectúan a seguinte conclusión que se transcribe literalmente:

<<CONCLUSIÓN

En principio, coa normativa aplicable a este contrato **sería viable a mencionada prórroga de 6 meses** por mutuo acordo das partes o que debe ser sometido ao **pleno corporativo** como órgano competente ao ser o órgano de contratación. De adoptarse tal decisión pola Alcaldía e aínda cando fora por razón de urxencia e por interese público corresponde ao pleno que é o único que pode facer:

- a) a interpretación do contrato no tocante a calquera aspecto (neste caso a duración da prórroga)
- b) acordar a prórroga de se-lo caso
- c) incoar nova licitación para a prestación do servizo

De adoptarse pola Alcaldía calquera destes aspectos, infórmase desfavorablemente por incorrer en incompetencia do órgano e por ende en motivo de nulidade do artigo 62.1. da Lei 30/1992 (ao que remite o artigo 32 TRLCSP).

Sen embargo, **INFORMASE DESFAVORABLEMENTE a prórroga se o concesionario ten suprimido ou alterado o servizo** tal e como parece resultar do parte de incidencias da Xefatura de Policía Local do 01/02/2013, **incluso cando se adoptara polo pleno corporativo**, posto que o que procedería sería a extinción do contrato, sendo a prórroga nesas condicións en fraude de lei ao non ser adoptada a modificación de itinerarios e horarios polo pleno corporativo nin con ilo revisarse novamente as tarifas.

Isto sen esquecer que debe existir un **regulamento de prestación do servizo** xa esixido na LCE e RCE.>>

Polo exposto, en aras do interese público na necesidade da continuidade na prestación do servizo en pro da veciñanza polo prexuízo que ocasionaría aos usuarios a non prestación do servizo ata unha nova licitación e adjudicación, e sen prexuízo do sometemento a ratificación do pleno corporativo, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Considerando que a actual concesión non ten predeterminado un prazo mínimo para as prórrogas segundo resulta das bases reguladoras e pregos de explotación do servizo -o que non pode ser alterado polo contrato asinado- prorrogase ata o 28/10/2013 o contrato de concesión do servizo municipal de autobuses formalizado entre o Concello de Rianxo e Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

Segundo: Notificar ao concesionario esta resolución e dar conta no próximo pleno ordinario para a súa ratificación.

Terceiro:- Comunicar ao Rexistro Xeral de contratos a dita prórroga.>>

Tal e como se indicou no informe de secretaria e intervención emitido o día 26/04/2013 o órgano competente para a prórroga é o pleno corporativo, por ilo esta Alcaldía somete a este pleno aqueles aspectos que contén a Resolución nº 192/2013, que deste xeito vería a ratificarse, e outros observados no mencionado informe como son:

- a) a interpretación do contrato respecto da diverxencia entre as bases e pregos da explotación do servizo fronte ao contrato no relativo ao tempo de duración das prórrogas, que se estima debe prevalecer o que rexiu a licitación e non o concretado a posteriori via contrato. Co cal a prórroga non necesariamente ten que ser por 8 anos.
- b) incoar a nova licitación para a prestación do servizo

Asemade manifestase o rexeitamento a calquera modificación do servizo, concretamente en itinerarios e horarios posto que tería que vir acompañado dunha revisión das tarifas, o cal non procede ao terse efectuado a mediados do ano 2012 en atención as liñas existentes tal e como se lle comunicou ao contratista en tempo e forma, téndose repostado o traxecto ao que se refiría o informe do xefe de policía local.

Por outra banda, débese aprobar un regulamento do servizo municipal de autobuses, que se achega tamén neste pleno.

Polo exposto, en aras do interese publico na necesidade da continuidade na prestación do servizo en pro da veciñanza polo prexuízo que ocasionaría aos usuarios a non prestación do servizo ata unha nova licitación e adxudicación, propónse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Interpretar que a actual concesión non ten predeterminado un prazo mínimo para as prórrogas segundo resulta das bases reguladoras e pregos de explotación do servizo -o que non pode ser alterado polo contrato asinado- e en consecuencia, prorrogar ata o 28/10/2013 o contrato de concesión do servizo municipal de autobuses formalizado entre o Concello de Rianxo e Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

Ratifícase así o contido da Resolución nº 192/2013 con efectos á súa data.

Este acordo debe ser comunicado ao concesionario.

Segundo: Considerando que o servizo municipal de transporte regular de viaxeiros xa está establecido tal e como figura nos antecedentes (acordo plenario adoptado en sesión do día 15/07/1988 e 22/08/1988 con autorización naquel intre da Dirección Xeral de Transportes) e restando 6 meses da concesión actual procede incoar a nova licitación do servizo nos seguintes termos:

- Trátase dun contrato de xestión de servizos públicos, mediante o que a Administración encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público. Polo tanto sería unha xestión indirecta que está permitida xa que este servizo non implica o exercicio de autoridade
- O sistema escollido de contratación é o propio de CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, polo que o empresario xestionará o seu risco e ventura o servizo.
- A duración máxima deste tipo de contratos determinarase nos pregos do expediente de licitación dentro dos límites do Rd.3/2011. Os prazos enténdense como días naturais
- Disporase dun regulamento do servizo, e no seu caso das tarifas.
- O expediente é ordinario.
- O procedemento será aberto.

Terceiro: Incorpórese ao expediente de licitación a tramitar a documentación conforme á normativa vixente que se relaciona a continuación:

- Proxecto de explotación do servizo
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e prego de prescricións técnicas.
- Certificado de Existencia de Crédito, no seu caso.
- Informe de fiscalización da Intervención.
- Informe de Secretaría.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 27/05/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, amosa o desacordo do grupo xa que prorrogar un servizo a pesar de terse suprimida unha frecuencia tal e como se indica no informe de secretaria e intervención incorrería nun fraude de lei.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, comeza aludindo a prórroga de 8 anos que ata o de agora rixía o contrato e a prórroga que se trae de non mais de 6 meses a solicitude da propia concesionaria, sendo o tempo preciso para poder licitar de novo o servizo. O numero de usuarios reduciuse, o cal é evidente, e non é un servizo rentable por iso xurden istos problemas. O importante é seguir prestando o servizo aos veciños.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, parte de que se hai un defecto na prestación do servizo hai que procurar que haxa un mal maior. É un servizo demandado polos veciños que non dispoñen de medios de locomoción para moverse polo termo municipal, vir ao mercado, ao médico, facer xestións administrativas...Non todo o que é rentable é bó pero debe manterse xa que non supón custe para o concello e segue requiríndose pola cidadanía.

O alcalde remata as intervencións insistindo na necesidade de manter o servizo a pesar das dificultades da súa rentabilidade, licitándoo o mais equilibrado que sexa posible de xeito que non estea avocado a perdas e fora así obxecto de concorrència. O informe emitido ao respecto pola Secretaria e Intervención municipais é desfavorable non pola prórroga senón pola supresión desa liña pero tamén é certo que hai algun servizo que se da e aquí non se inclúe como os que se prestan xunto co do transporte escolar coa autorización autonómica.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<<Sendo preciso contar estimándose necesario que o servizo municipal de transporte regular de viaxeiros dispoña dunha norma que concrete a prestación do servizo, as relacións entre os usuarios e o contratista e o propio concello, as obrigas e facultades e demais aspectos.

Incorporado o día 26/04/2013 o informe de Secretaria sobre os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propono a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento do Servizo municipal do transporte regular de viaxeiros, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

Cuarto: Comunicar esta transposición normativa á Comisión Europea a través da Xunta de Galicia.

ANEXO

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS

Artigo 1. Réxime xurídico do servizo

A prestación do Servizo municipal de Transporte Público Regular de Viaxeiros mediante autobuses dentro do centro urbano de Rianxo e cos núcleos rurais, rexerase polo disposto neste Regulamento e demais normas que regulan este Servizo.

Artigo 2. Obxecto do servizo

O presente Regulamento ten por obxecto regular a prestación do Servizo, as relacións entre os usuarios e o Concello de Rianxo e os deberes e dereitos daqueles.

Artigo 3. Potestades municipais

Corresponde ao Concello de Rianxo como titular do servizo a competencia para a súa xestión e ordenación, o que abrangue, entre outras, as potestades regulamentarias e de autoorganización, programación ou planificación así como as facultades de inspección e sanción no seu ámbito de aplicación.

Artigo 4. Xestión do servizo

Compete ao Concello de Rianxo outorgar o título administrativo habilitante para a prestación deste servizo, podendo utilizarse para a súa xestión calquera das formas previstas na lexislación de réxime local de conformidade co establecido no Rd. 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público.

Artigo 5. Liñas e itinerarios

5.1. Existirá un número de liñas regulares e itinerarios adecuados, con traxectos de ida e volta ou sentido circular de determinarse, para facilitar a mellor comunicación posible entre todas as áreas do concello.-

5.2. As liñas do servizo responderán, previo estudo, á demanda dos usuarios, recursos técnicos e económicos dispoñibles, e criterios que o concello determine.

Artigo 6. Alteracións do servizo

6.1. O Concello de Rianxo poderá modificar o itinerario percorrido e paradas das liñas en razón do interese público co gallo de mellorar o tráfico, ou cando se altere o sentido ou duración da circulación nalgunha das vías públicas de percorrido, ou no caso da aparición de novas enclaves que faga necesaria a ampliación ou modificación dos servizos de Transporte Público Regular de Viaxeiros.

6.2. Unha vez aprobada calquera modificación, daráselle a máxima difusión posible coa antelación suficiente, para xeral coñecemento nos seguintes medios:

- Na páxina Web do Concello.
- No interior dos autobuses.
- En paradas e marquesiñas.
- Con folletos informativos e no caso de que a modificación sexa significativa efectuarase campaña en radio e prensa.

6.3. Asemade poderá alterarse provisionalmente o itinerario con acurtamento do percorrido ou desviación de ruta, por obras ou acontecementos especiais.

Artigo 7. Tarifas usuarios

O servizo de Transporte Público regular de viaxeiros realizarase dea acordo coas tarifas fixadas regulamentariamente e nos termos en que se determine.

Artigo 8. Impago polos usuarios

8.1. Os usuarios que non vaian provistos de billetes válidos para a viaxe que realizan, haberán de satisfacer ademais do importe do billete, unha multa cuxa contía poderá oscilar entre 6 e 30 euros, en función das circunstancias inherentes ao feito e persoa ou persoas que fosen responsables.

8.2. A citada sanción será imposta pola Alcaldía a requirimento dos Axentes Municipais.

Artigo 9. Cobro nos vehículos

Os condutores perceptores dos vehículos só estarán obrigados a dispor, para a expedición de billetes e devolución, de moedas de cambio de ata 10 euros.

Artigo 10. Persoal que preste o servizo. Facultades e prohibicións.

10.1 O persoal necesario para o funcionamento da concesión do servizo en ningún caso adquirirá a condición de funcionario ou empregado municipal, sendo a súa contratación, obrigas coa seguridade social e responsabilidades de exclusiva conta do contratista do servizo.

10.2. O persoal adscrito á prestación do servizo queda sometido ao cumprimento das seguintes facultades, obrigacións ou prohibicións:

10.2.1. Facultades:

- a) Poderán impedir a entrada nos vehículos a individuos en visible estado de embriaguez, que porten animais ou maior carga de vultos ou equipaxes da regulamentaria.
- b) Poderán obrigar a descender aos que desobedezan os seus preceptos e, en xeral, aos que por falta da súa compostura, polas súas palabras, xestos ou actitudes, ofendan o decoro dos demais viaxeiros ou alteren a orde, requirindo a este fin o concurso de calquera axente da Policía Municipal.
- c) Impedir a entrada dos viaxeiros cando se fixo a advertencia de que a totalidade das prazas se achan ocupadas.

10.2.2. Obrigas:

- a) Cumprir en todo momento, os preceptos do vixente Código da Circulación e o horario de comezo e terminación do servizo que se fixou coa empresa.
- b) Non permitir o acceso ás persoas que tenten transportar animais, vultos ou efectos que polo seu tamaño, clase, cantidade, ou mal cheiro poden prexudicar aos demais viaxeiros ou ao vehículo, puxese en perigo a súa seguridade ou entorpezan o movemento no seu interior. En ningún caso permitiranse cargas superiores a 30 quilogramos.
- c) Facilitar aos viaxeiros cuantos detalles soliciten en relación co servizo.
- d) Deter os seus vehículos o máis preto posible das beirarrúas, nos lugares que a tal fin existen, para que os viaxeiros poidan subir ou descender sen perigo.
- e) Non dar saída aos vehículos mentres nos accesos a estes haxan viaxeiros, subindo ou baixando.
- f) Efectuar a arrancada e a parada sen brusquidade.
- g) Aqueloutras que esixa a correcta prestación do servizo.

10.2.3. Prohibicións:

- a) Abandonar a dirección do vehículo e, en xeral, realizar accións ou omisións que poidan distraerlles durante a marcha.
- b) Admitir maior número de viaxeiros daquel para o cal está autorizado o vehículo.

Artigo 11. Viaxeiros: Facultades, obrigas e prohibicións

Establécense con carácter xeral, as seguintes facultades, obrigacións e prohibicións aos usuarios

11.1. Facultades:

- a) O cumprimento das anteriores disposicións que obrigan ao persoal conductor poder instar a calquera viaxeiro durante o seu traxecto.
- b) En caso de que non se atenda a súa demanda, poderán dirixirse ás oficinas da empresa ou, no seu caso, ao concello a fin de solicitar información e/ou formular reclamación ou queixa do servizo ou dos empregados.

11.2. Obrigas:

- a) Abonar o billete correspondente cando teña máis idade de catro anos.

- b) Levar preparada moeda fraccionada suficiente para o pago do billete ao entrar no vehículo, sen que poida obrigarse ao condutor a cambiar moeda maior de 10 euros.
- c) Conservar o seu título de transporte válido durante a viaxe.
- d) Gardar o debido respecto ao condutor, acatando as súas indicacións para o mellor cumprimento do servizo e respecto ao resto dos usuarios.
- e) Non distraer ao condutor cando o vehículo estea en marcha.

11.3. Prohibicións

- a) Apearse en paradas non autorizadas.
- b) Subir cando se fixo a advertencia de que o vehículo está completo.
- c) Subir e baixar do vehículo cando este non se atope parado.
- d) Montar portando cans e outros animais, ou vultos e efectos que polo seu tamaño, clase, cantidade ou cheiro poidan prexudicar aos demais viaxeiros ou ao vehículo, poñan en perigo a súa seguridade ou entorpezan o movemento no seu interior. En ningún caso permitiranse cargas superiores a 30 quilogramos.
- e) Fumar no interior dos vehículos.
- f) Cuspir e arroxar papeis ou outros obxectos.
- g) Viaxar sen billete.
- h) Manchar, escribir e pintar e en xeral deteriorar os asentos ou outros lugares dos autobuses.

Artigo 12. Periodicidade do servizo

O Servizo municipal de Transporte público regular de Viaxeiros efectuarase con carácter permanente ao longo da semana durante o horario fixado en cada momento polo Concello.

Non se interromperá a prestación do servizo agás circunstancias de forza maior.

Cada vehículo levará ao seu servizo un condutor perceptor que será o representante da empresa durante a viaxe, con atribucións para facer cumprir aos usuarios do servizo as normas relativas a policía e hixiene.

Artigo 13. Tempo de conducción

A duración máxima do tempo de conducción efectiva que pode realizar cada condutor será a establecida pola autoridade e normativa competente.

Artigo 14. Folla de ruta

O condutor de cada vehículo cumprimentará, durante o período de prestación do seu servizo, a folla de ruta, ao comezo e finalización de cada traxecto. O devandito documento, que terá carácter declarativo, formalizarase en duplicado exemplar con indicación do vehículo, identificado polo seu número de matrícula e liña, número da viaxe, hora de saída e chegada, número de billetes correlativos que fosen expedidos e recadación, así como os accidentes e incidentes que se producisen.

Artigo 15. Prohibición de fumar

O prestador do servizo virá obrigado a sinalizar no interior dos vehículos a prohibición de fumar neles, sendo responsable do exacto cumprimento desta limitación, de acordo coa normativa de aplicación.

Artigo 16. Condicións dos vehículos

Os vehículos tan só poderán prestar servizo nas debidas condicións de sanidade, limpeza e estado de conservación técnica, e coa revisión de ITV que regulamentariamente correspóndalle a cada un. A limpeza tanto exterior como interior haberá de ser esmerada e completa.

Artigo 17. Conservación dos vehículos

O estado de conservación técnica haberá de ser o normal dunha correcta explotación e rigoroso naquelas partes do vehículo que poidan afectar á seguridade dos viaxeiros e transeúntes.

Artigo 18. Avisos nos vehículos

Os vehículos deberán levar en lugar visible avisos que indiquen:

No interior:

- Resumo deste Regulamento, no que afecta o usuario como ao persoal da Empresa.

No Exterior:

- Visible desde o exterior deberá levar número de orde de vehículo e liña na que presta o servizo.

Artigo 19. Prazas no vehículo

19.1. Os asentos do vehículo serán ocupados libremente polos viaxeiros sen preferencia ningunha agás nos casos de expresa indicación de reserva especial ou preferente destinados a persoas con discapacidade, persoas maiores, mulleres embarazadas, entre outros colectivos.

19.2. Non terá efecto ningunha reserva de asentos para os viaxeiros e ocupar estes corresponderá ao usuario que primeiro teña acceso a eles.

19.3. Os usuarios non poderán esixir en ningún caso viaxar sentados, ao que só terán dereito cando existan asentos baleiros.

Artigo 20. Portas

Os vehículos deberán ir provistos de fiestras que deberán ir pechadas en todo momento, excepto nos casos en que os equipos de climatización estean avariados.

Artigo 21. Paradas

21.1. Será responsabilidade do concello o mobiliario urbano, a instalación e o mantemento dos postes sinalizadores de paradas e marquesiñas, debendo estas estar en perfectas condicións de uso, sendo o Concello de Rianxo o que indicará os lugares susceptibles de ser habilitados con este tipo de material.

21.2. Procurarase que a sinalizacións de paradas sexan claras, instaladas nun lugar visible, e contendo as indicacións marcadas no presente Regulamento ademais do número de liña a que pertencen.

Artigo 22. Seguro.

22.1. O concello responderá a través do correspondente seguro de cantas indemnizacións correspondan en caso de sinistro sempre que a causa se relacione con decisións municipais.

22.2. Para ter dereito a estas prestacións será necesaria a presentación do título de transporte correspondente xunto coa acreditación dos danos sufridos.

Artigo 23. Responsabilidade do usuario.

23.1. Se por parte dun usuario producísense danos no vehículo tales como rotura de cristais, etc., formulará o correspondente parte, contendo a explicación dos feitos, datos do causante e dúas testemuñas presenciais.

23.2. No caso de incidente con algún usuario e dependendo da gravidade dos feitos, comunicarse tal circunstancia á autoridade competente, para que se acuda no lugar dos feitos e interpondo denuncia, que se realizará ao finalizar o servizo ou se fose viable substituírse ao condutor para que realice as xestións canto antes.

Artigo 24. Obxectos perdidos.

Os obxectos perdidos ou abandonados nos autobuses deberán ser entregados polo concesionario ou persoal ás súas ordes, nas oficinas da Policía Local, transcorridas 72 horas sen que fosen reclamadas.

Artigo 25. Control no autobus

Competerá ao condutor do autobús de que cada viaxeiro leve o seu billete ou billete debidamente abonado, a estes efectos establecerá o oportuno sistema de inspección, vixilancia e denuncia, debendo esixir responsabilidades e sendo responsable subsidiario no caso de que non se tomen as medidas de control e disciplina necesarios.

Artigo 26. Reclamacións

26.1. Toda persoa que desexe formular reclamación sobre calquera anomalía poderá facelo no Concello de Rianxo.

26.2 Unha vez tramitada a reclamación o Concello comunicará ao asinante desta a resolución adoptada, enviando copia da reclamación, nun prazo non superior a 15 días.

26.3 En todos os vehículos deberá establecerse en lugar visible a referencia da existencia de folha de reclamacións a disposición dos usuarios nos mesmos vehículos e coa indicación dun número de teléfono e páxina Web ao que poderán dirixirse os usuarios ao obxecto de efectuar as súas denuncias respecto das deficiencias na prestación do servizo

Disposición Adicional Primeira

O disposto neste Regulamento enténdese sen prexuízo da competencia e atribucións que posúe o Concello de Rianxo para a ordenación do tráfico e da circulación.

Disposición Adicional Segunda

O Concello sinalizará adecuadamente as paradas con sinais prohibindo o aparcadoiro, actuando no seu caso cos medios adecuados co propósito de deixar libre, no tempo máis breve posible, a zona reservada aos autobuses.

Disposición derogatoria

Este regulamento derroga calquera outro regulamento municipal que existira.

Disposición Final

O presente Regulamento entrará en vigor conforme á lexislación do Réxime Local e previa a súa íntegra publicación no BOLETÍN OFICIAL da Provincia.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 27/05/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, manifesta o seu malestar por non contar co PP para elaborar o regulamento nin con tempo suficiente para o seu estudo, motivos polo que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, expresa a necesidade de dispor dunha regulación da prestación do servizo como titular que é o concello deste cara a determinar de xeito claro as obrigas do concesionario, dos usuarios, as potestades municipais, unha delas a de regulación e ordenación causa deste texto. Sendo conveniente ter aprobada unha regulación cara á nova licitación.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que en tanto é conveniente dispoñer desa regulación e obrigado para a nova licitación que se vai efectuar apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 abstencións (os 6 do PP) e cero votos en contra, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

7.1.- MOCION DO BNG sobre a REFORMA DA LEI DO ABORTO (RXE nº 3865, do 24/05/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia a tenor da tramitación desta reforma.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, lee a moción:

<<A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que o goberno reformará a Lei orgánica 2/2010 de 03 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e dereito á interrupción voluntaria do embarazo. Será unha reforma lexislativa parcial e non unha derogación. Estamos a falar dunha “modificación” cuxo espírito é esixir o consentemento parental (ou de quen exerza a tutela) en relación a menores que desexen abortar e defender o dereito á vida nos termos xa definidos pola doutrina do Tribunal Constitucional. Permitir que as mozas de 16 e 17 anos aborten sen consentimento parental, desprotexe ás menores, vulnera a patria potestade e se inmiscúe na relación dos pais e nais coas fillas. O PP non é quen de deixar soa a unha menor fronte a unha intervención de consecuencias tan decisivas para a vida dunha muller coma o aborto. En consecuencia, o PP vai votar en contra da moción.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, expresa a súa convición de que estamos nun tempo en que as mulleres son responsables e libres para defender o seu corpo e decidir sobre a maternidade. Polo tanto, esta lei é a mais retrógrada da Unión Europea e un ataque directo contra as mulleres e a súa liberdade.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, da por debatida a moción e simplemente desexa facer unha referencia á moza do Salvador cuxa vida corre perigo de telo pequeno, sendo condeada a morte se aborta cando trátase dun neno sen cerebro. Coa reforma do PP retrocederá en España nas liberdades acadadas polas mulleres cando eramos un país que neste e outros temas semellantes tiñamos avanzado e agora dáse un paso atrás. Propón a concelleira unha EMENDA Á MOCIÓN como apartado 6 do seguinte teor:

“ Instar ao Goberno do Salvador para que elimine as trabas administrativas que permitan despenalizar o aborto”.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, pide intervir de novo para aclarar que están a favor desta emenda, que ademais o PP non está en contra do aborto terapéutico mais non están conformes co resto dos puntos da moción.

Rematado o debate, sométese a moción coa emenda a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, sendo o texto final o seguinte:

<<

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de

interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.
6. Instar ao Goberno do Salvador para que elimine as trabas administrativas que permitan despenalizar o aborto.>>

A concelleira Ana M^a Eitor Vidal (PP) abandona o salón ás 20:46 minutos.

7.2.- MOCION DO BNG para esixir a RETIRADA DA LOMCE polo seu caracter centralizador e desgaleguizador (RXE nº 3864, do 24/05/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Hadriana Ordoñez Otero que defende a urxencia ao estarse a tramitar o anteproxecto da lei organica para a mellora da calidade educativa.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros que son os presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, lee a moción:

<<O de momento *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, que o PP pretende converter en proxecto de lei, significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Este anteproxecto presenta un texto que fundamente centralizador, clasista e sexista, que mercantiliza a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Entres estas eivas, non deixa de ser relevante a falta de diálogo social con que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política.

Para alén doutras consideracións, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español. Fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico atendendo as distintas realidades, a LOMCE elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais. Por outra parte, dentro dun proxecto xerárquico, as materias pasan a clasificarse en diferentes categorías e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe, desta maneira, unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira. Nesta mesma liña, o *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, recollendo o ideario ideolóxico do Partido Popular, esconde baixo a falsidade dunha pretendida liberdade de idioma a posibilidade de non estudar en lingua galega, facilitando, con diñeiro público, a escolarización do alumnado que así o decidir en centros privados.

Levamos tempo asistindo a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores –políticos e mediáticos– que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo na Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Especialmente grave é que iso aconteza no ámbito educativo, pois está demostrado que sen competencia lingüística non pode haber uso lingüístico e, por tanto, o que esta lexislación pode provocar, se se aprobar, é a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión dentro do ámbito do ritual e ocasionalmente consentido. Especialmente grave é a perda sistemática de exposición ao galego no ámbito urbano para a etapa infantil, de tal maneira que moitas nenas e nenos que viven en contornos xa fundamentalmente castelanizados non obteñen as competencias reequilibradoras das desigualdades que o ensino debe garantir. De feito, no último estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, a respecto da presenza da lingua galega nas aulas de ensino infantil das sete cidades galegas, o galego está ausente por completo no 95,04% dos centros. Segundo declaran os 282 centros consultados, a suma daqueles que empregan total ou parcialmente o galego no ensino de nenos e nenas de 3 a 6 anos non supón máis que un 4,96% do total, isto é, 14 colexios en todo o país.

A realidade correspóndese, pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión de coñecemento do galego desde as idades máis temperás nun ensino cada vez máis castelanizado. O *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa* reforza aínda moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas fiquen referenciados ao uso do castelán.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do estado a retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, por invadir as súas competencias.
3. A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, diríxese ao pleno dicíndolles que saben que o actual sistema educativo da os seguintes resultados:

- Unha taxa de abandono escolar do 24,9% que dobra á do resto de países da Unión Europea (13%). Isto significa que un de cada catro xoves abandona ao terminar a etapa obrigatoria e moitos sen titular ESO.
- Unha taxa de alumnado repetidor moi elevada.
- Unha porcentaxe de xoves de entre 15 e 29 anos que nin estudan nin traballan e que representan o 23,7%, en España, só superado por Israel.
- E todo isto cun investimento que está moi por encima da media da OCDE e UE. España destina 10.094 dólares ao ano de gasto público por cada alumno na educación pública, un 21% máis que a OCDE e a UE. O investimento en educación duplicouse na última década (de 27.000 millóns a 53.000 millóns de euros).

Continúa a concelleira expoñendo que a LOMCE procurará:

- Modificar un sistema moi ríxido e uniforme, que trata ao alumnado por igual ata os 16 anos e que non pon suficientes medidas para detectar problemas a tempo, por un sistema máis flexible, cunha atención moito máis individualizada e que tente detectar precozmente os problemas. As decisións son reversibles: familias e alumnado poden modificar a súa elección en calquera momento.
- Un sistema de avaliacións homoxéneas que garantan que os mínimos de competencias que teñen que adquirir os estudantes para titular ao final de cada etapa, sexan homoxéneos en todo o territorio nacional:

- Proba de detección precoz en 3º Primaria en matemáticas e lectura. Deseñada pola CCAA.
- Proba de final de etapa en 6º de Primaria. Feita e deseñada pola CCAA.
- Proba de final de etapa en 4º ESO. Diferente se se tomou a vía do bacharelato ou da FP. De competencia estatal.
- Proba de final de etapa en Bacharelato ou en FP. De competencia estatal.

Trátase dun sistema moito máis moderno desde o punto de vista pedagóxico e metodolóxico, onde teñen que aprender a relacionar, a ter espírito crítico, a resolver problemas complexos e outra serie de cousas que non entran no que se ensina neste momento nos colexios. Polo tanto, estas avaliacións o que van promover é un cambio na metodoloxía, onde as competencias van ter un valor moi importante, ademais de coñecementos que, por suposto, tamén o terán.

- A flexibilización na Formación Profesional, facela máis atractiva para o estudante e conseguir que os nosos alumnos atopen unha vía alternativa máis práctica, máis aplicada e que ademais lles facilite o seu acceso ao emprego.

- Ciclos de FP Básica a partir de 15 anos: un título académico ademais da cualificación profesional de nivel 1. Dous anos obrigatorios.
- FP de Grao Medio: materias para facilitar a transición do alumno cara a outros ensinos.
- FP dual.

- Autonomía dos centros: Sobre todo a escola pública, que neste sentido, está en desigualdade de condicións respecto da concertada e á privada. Así, dotamos á escola pública dunha serie de ferramentas que lle permiten ser máis flexible e adaptarse aos novos tempos e ter maior capacidade de xestión e decisión, e, por suposto, esta autonomía vai unida a unha maior rendición de contas e maior transparencia.

- Unha nova configuración das materias: isto supón unha nova definición de cales son as competencias das comunidades autónomas, do Estado e dos centros, tanto en canto á avaliación, como na definición do currículo das materias.

- Materias troncales: é o Estado o que define as avaliacións e o contido dos currículos.
- Materias específicas: o Estado define uns estándares de avaliación, pero son as comunidades autónomas as que definen os currículos, sempre tendo en conta os obxectivos dos estándares de avaliación.
- Materias de libre configuración: son as comunidades autónomas as que definen libremente os currículos.

Isto é un cambio fundamental respecto ao concepto de ensinos mínimos que había antes, onde o Estado define unha porcentaxe de materias e as comunidades autónomas, o resto.

Neste sentido, trátase dunha lei reguladora; é unha lei que cambia as regras do xogo; cambia a estrutura dos cursos e as materias; unha lei que redefine o papel do Estado e das comunidades autónomas. É unha lei que moderniza, porque dá máis autonomía aos centros. É unha lei que asegura uns mínimos nas materias troncales.

- Relixión ou alternativa: Son dúas materias alternativas. Os alumnos teñen a obriga de elixir unha. O que facemos é engadilas nas materias optativas e quen queira escoller esa optativa en lugar de calquera outra optativa que hai, pódoo facer. Ninguén vai estar obrigado a estudar relixión, pois terá a opción de cursar *Valores cívicos* e

culturais. As dúas contarán para nota, aínda que non serán obxecto de avaliación externa.

-Suspensos: Poderase pasar de curso unicamente con dúas materias suspensas. Non máis. Pero hai unha excepción: non se poderá pasar de curso se se ten dúas materias suspensas e esas materias son matemáticas, lingua e a lingua cooficial. Se dous desas tres están suspensas, non se pasa de curso.

Estas novas regras do xogo aplícanse por igual en todos os modelos de escola: pública, privada e concertada. Non hai nada nesta lei que beneficie máis a un modelo que a outro. E de beneficiar a algún, é á escola pública, que neste momento ten un sistema moi rixido, uniformizado, sen ningunha autonomía. Agora damos un voto de confianza a profesores e directores na capacidade de xestión e decisión.

Por outra banda, cómpre resaltar que a LOMCE non ataca a ningunha lingua cooficial do Estado. Limitase a garantir o dereito constitucional de coñecer o castelán, un dereito que con dúas horas lectivas á semana, como ocorre en Cataluña, queda en dúbida. A LOMCE recolle o espírito da política educativa de Galicia, onde desde que chegou o PP erradicouse o conflito social sobre o uso das linguas. O texto ministerial establece unha paridade no número de horas entre linguas cooficiais. Na LOMCE procúrase que o alumnado das CCAA con linguas cooficiais, mediante mecanismos establecidos por cada Comunidade Autónoma, adquira un dominio igualitario de ambas. Sabemos que hai quen quere erradicar o castelán das aulas ... e que por iso se fagan chamar nacionalistas... pero sorpréndenos ...

No tocante ao financiamento, actualmente, está a estudarse co Ministerio de Emprego qué perspectivas de financiamento se poderían ter do Fondo Social Europeo, para esta reforma. Se analizou con moito detalle cales das propostas da Lomce son susceptibles de ser financiadas co Fondo Social Europeo. E son dous: a reforma da FP básica, que pasa dun sistema como o actual dos PCPIs, a un sistema de FP básica que son dous anos obrigatorios, o que implica un custo adicional ao precisar máis profesores. O outro gran custo da reforma, é o converter 4º de ESO en dúas traxectorias, unha cara ao Bacharelato e outra cara á FP, e de novo isto supón unha necesidade adicional de profesorado.

Pois ben, estes dous grandes custos da reforma son susceptibles de financiamento polo Fondo Social Europeo, co cal o 95% do custo da reforma é susceptible de ser financiado polo Fondo Social Europeo.

A posición do PP de Galicia é a de pretender atallar o abandono e o fracaso escolar, fomentar a empregabilidade, mellorar o nivel de coñecemento en materias prioritarias, sinalizar o logro de obxectivos de cada etapa, incrementar a autonomía dos centros, mellorar o uso das TIC e a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e, en cumprimento de sentenzas do Tribunal Constitucional, garantir o ensino de todas as linguas cooficiais.

Todo isto sen renunciar a defender os intereses da comunidade educativa galega, tal e como ven facendo este goberno desde a pasada lexislatura, xa que estamos a traballar para poñer a Galicia por riba de todo, cun sistema educativo de excelencia, coherente no conxunto do Estado e que atenda as nosas características diferenciais.

En resumo, o inmovilismo ou a defensa pechada dun modelo educativo fracasado, contrario aos modelos educativos europeos de maior éxito, non é a solución.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Jose Carlos Gey Hermo, trala exposición da voceira do PP di que necesitaría toda unha noite para responder. En calquera caso hai moitos aspectos discutibles: dende se a imposición da asignatura de relixión vai axudar a que os nenos o día de mañá traballen ou serva para a súa integración laboral ou se con esta lei se procura a autonomía do centro cando claramente atacada via asociación de pais e alumnos. Neste caso o único consenso

révelase que soamente é contra o PP e a súa manifesta sordeira coa sociedade e o resto dos partidos. En vez de denominarse “ LOMCE” debería chamarse a lei da discriminación do alumnado por razón de sexo, ideoloxía relixiosa, capacidades, pola poder adquisitivo das familias, a educación publica fronte á educación privada, etc.. Trátase toda ela dunha mofa co cal tamén vese afectada a lingua que é o que nos distingue como comunidade histórica e pobo que somos.

A concelleira do grupo municipal do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, solicita a palabra para engadir que é absurdo que se diga que hai grupos que se ven discriminados pola lingua, de feito o que se procura e defender todas as linguas cooficiais, poñer o galego e castelán en igualdade de condicións; formula entón unha pregunta aos membros do grupo do PP de que se o galego é un tema de ataque entón hai que apandar e non falar o galego, igual que se o PP non respalda o aborto entón tampouco se lles debería vender preservativos porque isto sería contradictorio, hai que velo en conxunto. Se deixamos as cousas ao que denominan “ Todopoderoso” entón a xente convírtese en ignorante e sumisa en vez de desenvolver a súa liberdade, as súas capacidades e relacións. Menciona que hai un estudo segundo o que o galego non se está usando nos centros educativos e as familias están deixando de usalo. Desexa que o PP soamente fale castelán e sexan así coherentes. En calquera caso, os nenos non teñen culpa de que cada 4 anos haxa un cambio de goberno.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, simplemente di que non ten que engadir nada mais ao xa comentado.

O alcalde remata o turno de intervencións dicindo que o problema no sistema de ensino é que non hai un acordo global, un marco independente do partido político que cada catro anos este no goberno pero como o PP non é capaz de chegar a un consenso vaise impoñer un sistema que vai en contra do mais importante no desenvolvemento dun país xa que ten que ver coa formación do alumnado, dos nenos e mozos, sendo o seu progreso educativo o da sociedade. A actuación do Ministro de Educación, Wert, é desequilibrada no territorio, dicir que trátase de garantir o castelán en Galicia cando aquí os nenos son competentes ao mesmo nivel en galego e castelán. A lei nace coa maior descontento da sociedade. Non se pode dicir que aquí non hai ese problema, semella a tranquilidade trala batalla na que polo Parlamento aplastouse as inquiredanzas pola defensa do Galego. Incluso fíxose “galeguista” a Manuel Fraga xa que a Lei normalizadora que promulgou é mais reformista e equilibrada que a do goberno estatal que leva a cabo o Ministro Wert. Asemade subliña que un neno bilingüe é moito mais áxil e listo que outro que non ten esa riqueza lingüística.

A concelleira delegada de xuventude e emprego, Ana Agrelo, pide a palabra para dicir que esta lei vai provocar mais desigualdade social e vai dar lugar a mais diferenzas derivadas das posibilidades da economía de cada familia. Por ilo, no tema educativo debería acadar o maior consenso dos partidos políticos e non só dos grandes.

Rematado o debate, sométese a moción a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 5 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

9. ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do PP, Vanesa Martínez Durán, pregunta por qué desapareceu da rotonda o Pavo real.

O alcalde resérvase para respostalo no seguinte pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21,12 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:13 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo